

Facilitan a renovación do aire; é mellor coller os porlóns ou bisagras con chumbo que con resinas ou cemento / fiestras con trabatel; eran frecuentes, pero agora, só quedan as trazas.



A fiestra enrasada

31. Que é?

Quizais sexa o elemento máis intelixente da arquitectura galega, pola súa perfecta adaptación ao medio, sexa a fiestra enrasada ou fiestra ao aire. Esta sinxela fiestra composta de dúas follas móbiles de madeira non ten marco e as follas suxéitanse directamente á pedra mediante os porlóns, sinxelas bisagras que se encaixan na pedra recibidas con chumbo. Complementáanse coas contraventás interiores.

32. É útil?

Por estar colocada ao exterior e no mesmo plano da fachada, non deixa ningún lugar onde poida depositarse a auga da choiva. O seu imperfecto contacto coa pedra deixa unha sutil ventilación que permite airear as estancias continuamente, evitando a condensación e a aparición de fungos no interior da vivenda. Esta tenue ventilación esíxena xa algunhas normativas europeas.

33. Pódese mellorar?

Pola súa eficacia, e por ser un elemento característico da nosa arquitectura, é conveniente conservar ou repoñer as fiestras de madeira. Naqueles casos en que sexa preciso un maior illamento do ruído ou das inclemencias do tempo, pódese instalar outra fiestra cara ao interior, que permitirá un mellor control climático e un maior illamento acústico que unha soa fiestra con dobre cristal.